



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN

2. MARCO LEGAL

3. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES/CONTEXTUALIZACIÓN

4. DESEÑO DO PAT

4.1. OBXECTIVOS

4.2. BLOQUES DE CONTIDOS

4.3. ASPECTOS METODOLÓXICOS

4.4. RECURSOS

5. IMPLEMENTACIÓN

6. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

7. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO



1. XUSTIFICACIÓN

A acción tutorial pódese definir como o conxunto de accións educativas que se levan a cabo nun centro educativo para favorecer no alumnado a aprendizaxe, a integración dos coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisións e o desenvolvemento da súa personalidade. Por esta razón débese considerar que está intimamente relacionado co desenvolvemento da función docente.

A través desde PAT establécense os criterios e procedementos que regularán a organización e funcionamento da acción tutorial deste IES.

2. MARCO LEGAL

Para deseñar este PAT tomamos como referencia o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio de educación.
- Decreto 120/98 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 27/4/98).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 31/ 7/ 98).
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 1566/2022, do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria na comunidade autónoma de Galicia.



- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES/CONTEXTUALIZACIÓN

Para facer a avaliación de necesidades do PAT fixarémonos nas seguintes necesidades:

- Necesidade de coordinación entre o Departamento de Orientación e o profesorado titor dos diferentes grupos para levar a cabo o Plan de Acción Titorial.
- Necesidade de ofertar respostas educativas consensuadas para aqueles alumnos/as que presentan n.e.a.e.: establecemento de reforzo educativo dentro e fóra da aula, procedemento para a elaboración de adaptacións curriculares...
- Necesidade de favorecer o proceso de aprendizaxe do alumnado a través de adquisición de hábitos de estudo, dominio das técnicas instrumentais básicas (lectura, escritura, cálculo e razoamento).
- Necesidade dunha relación fluída coas familias como requisito para favorecer o desenvolvemento persoal, social, académico e vocacional do alumnado
- Necesidade de informar sobre itinerarios educativos, estudos posteriores, etc. para contribuír a unha axeitada toma de decisións por parte do alumnado en canto a elección de modalidades de Bacharelato, ciclos formativos, estudos universitarios, etc.
- Necesidade de informar ás familias sobre o sistema educativo, alternativas educativas e laborais, etc. para que axuden ós/ás seus fillos/as na toma de decisións vocacionais.

4. DESEÑO DO PAT



A partir das demandas do profesorado titor e a necesidade de artellar un PAT consensuado, que responda ás necesidades reais de cada grupo e centrándose en aspectos prácticos, a Xefatura do Departamento de Orientación propón as directrices para a concreción dun PAT que estableza as directrices principais que queremos seguir neste centro.

A partir dos bloques de programación que a continuación se expoñen, e que responden aos obxectivos xerais de calquera acción titorial e partindo das propostas dos propios/as titores/as e do profesorado en xeral, irase confeccionando o PAT adaptándoo a cada un dos cursos e grupos.

4.1. OBXECTIVOS:

A. Obxectivos xerais:

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- Optimizar os procesos de ensino/aprendizaxe.
- Coordinar a acción educativa do Equipo Docente.
- Orientar ás familias na súa labor educativa.

B. Obxectivos específicos:

Con respecto aos alumnado:

- Favorecer a integración e participación do alumnado no grupo e no centro.
- Dinamizar os diferentes grupos coma grupos de traballo eficientes e adestrar aos seus membros en actividades cooperativas, participativas e democráticas.
- Detectar dificultades de aprendizaxe e n.e.a.e. do alumnado e articular as respostas educativas axeitadas.
- Facilitar a toma de decisións do alumnado con respecto o seu futuro académico e profesional.
- Mellorar as técnicas e hábitos de estudo e atender as súas necesidades educativas.

Con respecto ao profesorado:



- Colaborar na detección de dificultades de aprendizaxe e necesidades educativas.
- Axustar o proceso de ensinanza ás necesidades do grupo-clase e do alumnado individualmente considerado.
- Asesorar e coordinar os procesos de avaliación, tanto do alumnado coma do propio plan de acción tutorial.

Con respecto ás familias:

- Orientar ás familias na súa tarefa educativa.
- Intercambiar información sobre a marcha dos seus fillos/as.
- Asesorar en situacións de conflito ou problemas.
- Fomentar a participación nas actividades do centro.

4.2. BLOQUES DE CONTIDOS:

1º DA E.S.O.

1º TRIMESTRE	<p>Acollida e presentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de presentación. - Calendario, horarios, profesores. - Normas do centro. - Normas de convivencia. - Instalacións. - Web do centro, aulas virtuais. - Coñecemos as características da nova ETAPA de ESO. - Coñecemos as normas de avaliación e promoción de curso.
	<p>Coñecemento do grupo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de coñecemento do grupo - Enquisa inicial de titoría.
	<p>Organización do grupo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de normas do grupo. - Dereitos e deberes. - Elección de delegado/a.
	<p>Acollida ás familias</p>
	<p>Programa de apoio socioemocional</p>



	Planificación e organización do estudo: cuestionario de avaliación inicial e actividades ó respecto que proporciona o Orientador.
	Habilidades e competencias sociais básicas
	Obradoiro Ed. Emocional
	Plan Proxecta
	Actividades de reflexión de preavaliación. <ul style="list-style-type: none"> • Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. • Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.
	Sesións de avaliación e medidas a tomar
2º TRIMESTRE	Reflexión sobre os resultados da 1º avaliación.
	Técnicas de estudo para mellorar resultados.
	Obradoiro Xestión emocional e convivencia
	Plan Proxecta
	Actividades de reflexión de preavaliación. <ul style="list-style-type: none"> • Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. • Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.
	Sesións de avaliación e medidas a tomar
3º TRIMESTRE	Coñecemento do sistema educativo: a etapa E.S.O. (POAP).
	Actividades de HHSS.
	Plan Proxecta
	Actividades de reflexión de preavaliación.
	Avaliación do curso e a titoría

2º DA E.S.O

1º TRIMESTRE	Acollida e presentación:
	- Actividades de presentación.
	- Calendario, horarios, profesores.
	- Normas do centro.
	- Normas de convivencia.
	- Instalacións.



	<ul style="list-style-type: none">- Web do centro, aulas virtuais.- Coñecemos as características da nova ETAPA de ESO.- Coñecemos as normas de avaliación e promoción de curso.
	Coñecemento do grupo: <ul style="list-style-type: none">- Actividades de coñecemento do grupo- Enquisa inicial de titoría.
	Organización do grupo: <ul style="list-style-type: none">- Elaboración de normas do grupo.- Dereitos e deberes.- Elección de delegado/a.
	Acollida ás familias
	Programa de apoio socioemocional
	Planificación e organización do estudo.
	Obradoiro Educación Emocional
	Plan Proxecta
	Actividades de reflexión de preavaliación. <ul style="list-style-type: none">● Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre.● Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.
	Sesións de avaliación e medidas a tomar
2º TRIMESTRE	Reflexión sobre resultados da 1º avaliación.
	Obradoiro Saúde
	Programa de HHSS
	Plan Proxecta
	Desenvolvemento traballo igualdade
	Actividades de reflexión de preavaliación. <ul style="list-style-type: none">● Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre.● Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.



	Sesións de avaliación e medidas a tomar
3º TRIMESTRE	O proceso de toma de decisións
	Orientación académica: opcionalidade e implicacións futuras
	Continuación programa de HHSS
	Plan Proxecta
	Actividades de reflexión de preavaliación.
	Información sobre o documento “Consello Orientador”
	Avaliación do curso e a titoría

3º DA E.S.O

1º TRIMESTRE	<p>Acollida e presentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de presentación. - Calendario, horarios, profesores. - Normas do centro. - Normas de convivencia. - Instalacións. - Web do centro, aulas virtuais. - Coñecemos as características da nova ETAPA de ESO. - Coñecemos as normas de avaliación e promoción de curso.
	<p>Coñecemento do grupo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de coñecemento do grupo - Enquisa inicial de titoría.
	<p>Organización do grupo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de normas do grupo. - Dereitos e deberes. - Elección de delegado/a.
	Acollida ás familias
	Programa de apoio socioemocional



	Repaso das técnicas de estudo e profundización nas técnicas nemotécnicas.
	Plan Proxecta
	Obradoiro Convivencia
	Actividades de reflexión de preavaliación. <ul style="list-style-type: none"> • Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. • Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.
	Sesións de avaliación e medidas a tomar
2º TRIMESTRE	Reflexión sobre a 1º avaliación
	Obradoiro relacións sociais
	Programa de apoio socioemocional
	Actividades de reflexión de preavaliación. <ul style="list-style-type: none"> • Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. • Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.
	Sesións de avaliación e medidas a tomar
3º TRIMESTRE	Explicación do sistema educativo. (POAP)
	O proceso de toma de decisións
	Orientación académica e profesional: Implicacións das eleccións de 4º da ESO
	Plan Proxecta
	Actividades de reflexión de preavaliación.
	Avaliación do curso e a titoría

4º DA E.S.O



1º TRIMESTRE	Acollida e presentación: <ul style="list-style-type: none">- Actividades de presentación.- Calendario, horarios, profesores.- Normas do centro.- Normas de convivencia.- Instalacións.- Web do centro, aulas virtuais.- Coñecemos as características da nova ETAPA de ESO.- Coñecemos as normas de avaliación e promoción de curso.
	Coñecemento do grupo: <ul style="list-style-type: none">- Actividades de coñecemento do grupo- Enquisa inicial de titoría.
	Coñecemento do NOF por parte do alumnado.
	Elección de delegado/a.
	Acollida ás familias
	Programa de apoio socioemocional
	Planificación e organización do estudo
	Plan Proxecta
	Actividades de reflexión de preavaliación. <ul style="list-style-type: none">• Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre.• Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.
	Sesións de avaliación e medidas a tomar
2º TRIMESTRE	Reflexión sobre os resultados da 1º avaliación
	Obradoiro Fomento de hábitos de vida saudables
	Plan Proxecta
	O proceso de toma de decisións (POAP).
	Realización de cuestionarios de interese profesionais (POAP).



	Charlas sobre diferentes estudos
	Actividades de reflexión de preavaliación. <ul style="list-style-type: none"> • Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. • Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.
	Sesións de avaliación e medidas a tomar
3º TRIMESTRE	Información sobre as distintas posibilidades ó rematar a E.S.O.
	A demanda profesional
	Información sobre datos de interese para o alumnado para a toma de decisións finais ó rematar a etapa.
	Charlas sobre diferentes estudos
	Plan Proxecta
	Actividades de reflexión de preavaliación.
	Información sobre o documento “Consello Orientador”
	Avaliación do curso e a titoría

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

1º TRIMESTRE	Acollida e presentación: <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de presentación. - Calendario, horarios, profesores. - Normas do centro. - Normas de convivencia. - Instalacións. - Web do centro, aulas virtuais. - Coñecemos as características da nova ETAPA de ESO. - Coñecemos as normas de avaliación e promoción de curso.
	Coñecemento do grupo:



	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de coñecemento do grupo - Enquisa inicial de titoría.
	<p>Organización do grupo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de normas do grupo. - Dereitos e deberes. - Elección de delegado/a.
	Acollida ás familias
	Programa de apoio socioemocional
	Actividades de técnicas de estudo.
	Actividades de habilidades sociais, facendo un especial fincapé nos bloques de Autoconcepto e autoestima.
	Obradoiro saúde
	<p>Actividades de reflexión de preavaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. • Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.
	Sesións de avaliación e medidas a tomar
2º TRIMESTRE	Reflexión sobre os resultados da 1º avaliación
	Obradoiro Convivencia
	Información sobre as distintas posibilidades ó rematar a FPB
	Charlas sobre diferentes estudos
	Técnicas de búsqueda de emprego.
	<p>Actividades de reflexión de preavaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. • Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.
	Sesións de avaliación e medidas a tomar
3º TRIMESTRE	Reflexión sobre os resultados da 2º avaliación
	Realización dun inventario de intereses profesionais.
	Asesoramento individualizado ó alumnado que o solicite ou o necesite.
	Actividades de reflexión de preavaliación.
	Avaliación do curso e a titoría



BACHARELATO

- Actividades de acollida ó alumnado: presentación do titor/a, coñecemento das aulas, materias, normas do centro, horarios.
- Recollida de información inicial.
- Coñecemento do NOF por parte do alumno.
- Elección de delegado/a.
- Acollida ás familias: presentación dos titores; dar a coñecer as normas de funcionamento do centro; entrega de documentación informativa.
- Programa de apoio socioemocional: dossier con actividades de acollida para realizar unha valoración que permita coñecer o estado emocional do alumnado, fomentar un ambiente positivo de convivencia no centro escolar e promover un acompañamento emocional, para poder detectar aqueles casos nos que aparezan dificultades socioemocionais.
- Información ó alumnado ó longo do curso escolar sobre temas de interese: convocatoria de becas, probas de acceso á universidade, o ingreso na universidade, os ciclos formativos de grao superior,...
- Charlas sobre universidades e diferentes estudos
- Orientación académica e profesional de carácter individual.
- Visita feira universitaria galega (Uniferia...)
- Información individualizada ás familias por parte do titor/a ou orientadora cando o demanden.
- Asesoramento individualizado ó alumnado que o necesite ou o solicite.
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos de avaliación por parte do titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais,...

ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA TODO O CENTRO:

- Conmemoración do “*Día contra a violencia de xénero*” a través de diversas



actividades elaboradas durante a hora de titoría e polos diferentes departamentos didácticos, destinadas a promover a igualdade entre homes e mulleres. Concursos de lemas e microrelatos.

- Conmemoración do “*Día Internacional dos Dereitos Humanos*”.
- Conmemoración do “*Día escolar da non Violencia e da Paz*” co visionado de extractos de diversas películas/curtas adaptadas a idade do alumnado e actividades posteriores a dito visionado.
- Conmemoración do “*Día da muller traballadora*” a través do visionado de diversos videos sobre o xurdimento deste día que irá acompañada de actividades previas e posteriores o visionados dos mesmos.
- Celebración do día mundial da saúde con diferentes actividades ao longo da xornada lectiva.

4.3.- ASPECTOS METODOLÓXICOS:

A liña de traballo que levaremos a cabo ríxese pola elaboración conxunta de materiais para a titoría, actualmente contamos con un amplo dossier de actividades para a E.S.O., que servirán como punto de partida.

Tomaremos como referentes os principios metodolóxicos sinalados na lexislación vixente, polo que para desenvolver tales bloques de contidos recorreremos ás seguintes técnicas metodolóxicas:

- Utilizar unha metodoloxía activa, participativa, interactiva e construtiva.
- Partir das ideas previas dos alumnos/as, favorecendo aprendizaxes funcionais, significativos e construtivos.
- Favorecer actitudes positivas cara o aprendizaxe e a utilización das técnicas de estudo, a igualdade de xénero, a resolución pacífica de conflitos,...
- Desenvolver estratexias de aprender a aprender, resolución pacífica de conflitos, hábitos saudables, ...
- Recorrer á técnica de Mediación sempre que sexa posible, xa que é



preciso a participación voluntaria de tódolos implicados.

- Utilización de técnicas de dinámica de grupos, aprendizaxe por modelado, aprendizaxe por descubrimento e autoinstrucións.

4.4.- RECURSOS:

Os recursos que poderían ser necesarios para o deseño e desenvolvemento do PAT son:

Recursos persoais: Departamento de Orientación, profesorado titor e maior número de profesorado posible, CCP, Claustro, profesorado de FOL, institucións do entorno...

Recursos materiais: Bibliografía sobre titoría, material práctico para traballar nas horas de titoría (habilidades sociais, autoestima...), POAP, área de formación e orientación laboral (no caso do PCPI), documentos actualizados de internet...

Recursos organizativos: Reunión semanal do Departamento de Orientación, reunións semanal do orientador/a cos titores/as, reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro, reunións conxuntas e individuais coas familias...

5. IMPLEMENTACIÓN:

Todas as actividades e bloques de contidos sinalados con anterioridade desenvolveranse de forma mixta, tal e como sinala Rodríguez Moreno, e dicir, a través das distintas áreas curriculares e da hora de titoría, contando tamén con que algunhas delas levaranse a cabo a través de actividades complementarias.

➤ AXENTES DA ACCIÓN TITORIAL

Orientador/a:

- a) Propoñer o Plan de Acción Titorial da etapa, que deberá ser aprobado polo Claustro, recollendo as achegas dos titores.



- b) Facilitar os recursos de apoio necesarios para a realización das actividades programadas polos titores
- c) Participar no seguimento e avaliación do PAT e entregar ao remate do curso unha memoria do seu funcionamento ao Claustro.
- d) Colaborar cos titores na elaboración do consello orientador dos distintos cursos e ao finalizar a Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Colaborar cos titores na prevención, detección e avaliación dos problemas de aprendizaxe do alumnado e outros problemas que poidan afectar ao desenvolvemento do alumnado.
- f) Coordinar a intervención dos axentes externos que participen nas actividades de orientación do centro.

Profesorado titor:

A súa principal función é a mediadora, sendo o punto de referencia do alumnado para a súa relación co resto do centro e coas familias.

As responsabilidades xirarán en torno a dous núcleos básicos:

- Cada alumno ou alumna do centro terá asignado un titor ou unha titora que será o seu vínculo co centro, tanto a nivel individual como do grupo ao que pertenza.
- As familias do alumnado ou os seus responsables terán no titor/a do alumno/a o primeiro interlocutor para todo o que faga referencia ao seu fillo ou filla.

Persoalmente, o profesorado titor será responsable de:

- 1 Realizar unha sesión semanal de tutoría có alumnado que ten ao seu cargo.
- 2 Representar ou facer de voceiro do alumnado dun grupo, expresando diante do equipo de profesores demandas, inquietudes, conflitos... xurdidos no grupo.
- 3 Xestionar a información dispoñible sobre o alumnado do seu grupo respecto do equipo de profesores, se o hai. Coidar e ter o día os



registros de tutoría.

- 4 Presidir as xuntas de avaliación.
- 5 Facilitar a cooperación e a boa relación entre o profesorado e as familias ou responsables do alumnado.
- 6 Informar sobre actividades docentes e rendemento académico á familia e alumnos.
- 7 Participar no desenvolvemento do PAT.
- 8 Seguir o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.
- 9 Coordinar as Adaptacións Curriculares dos seus titorandos.
- 10 Facilitar a integración do alumnado.
- 11 Orientar ao alumnado.
- 12 Colaborar co Departamento de Orientación.

Responsabilidades colectivas:

O Equipo docente, colectivamente, responsabilizarase de:

- Realizar o diagnóstico, seguimento, avaliación e orientación do alumnado nos aspectos relacionados cos obxectivos xerais da acción tutorial.
- Coordinar os contidos comúns e optativos, a metodoloxía e as estratexias de aula e a avaliación para o seu grupo de alumnos/as.
- Realizar un diagnóstico inicial a partir da observación en tódolos ámbitos do proceso de aprendizaxe, priorizando o dominio dalgunhas capacidades e actitudes básicas: Comprensión oral e escrita, razoamento, motivación, estilo de aprendizaxe, participación...
- Organizar de forma coordinada a aprendizaxe de recursos instrumentais para o estudo.
- Desenvolver unha actividade coordinada destinada a dotar ao alumnado



de estratexias que permitan o traspaso das aprendizaxes.

- Compartir aspectos relevantes, de tipo persoal, que non poden observarse na aula, xa que son datos obtidos a través de cuestionarios, entrevistas,..., realizadas co alumnado, coas súas familias ou servizos sociais.
- Utilizar o seguimento compartido do alumnado para, unha vez diagnosticados os éxitos, erros, déficits, atopar e compartir fórmulas para incidir sobre eles, sexa introducindo cambios na programación de aula sexa a través de estratexias de compensación.
- Establecer criterios sobre as necesidades educativas que deben ser obxecto dunha atención compensatoria e definir as características que tería que ter esta actividade. Decidir o perfil do alumnado do seu grupo que se orienta cara a actividades compensatorias novas ou previstas no centro. Realizar o seguimento e a avaliación das actividades compensatorias.
- Participar no desenvolvemento do PAT.

Responsabilidades individuais.

Individualmente, cada membro do equipo docente, terá a responsabilidade de:

- Contribuír a dinamización do grupo-clase desde a práctica docente cotiá.
- Incorporar á programación de aula aspectos que contribúan ao autoconecemento e á autoestima do alumnado, a crear expectativas positivas, a exercer a autonomía e a toma de decisións e a orientación académica e profesionalmente ao alumnado.
- Coordinar os contidos da actividade docente xeral e efectuar as adaptacións que se consideren necesarias na programación de aula.
- Coordinar as metodoloxías usadas por cada profesor/a na aula, reflexionando sobre as características comúns e buscando e adaptando as que sexan máis favorecedoras. Axustar a programación segundo os

principios de axuda educativa.

- Dar e solicitar, en equipo docente, información relevante respecto ao marco e contexto de cada alumno/a, o que deberá contribuir ao coñecemento, seguimento e avaliación do proceso individual do alumnado.
- Tomar nota dos acordos aos que se chegue en equipo docente e transmitirlo aos seus equipos de área.
- Participar no desenvolvemento do PAT.

6 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Designación do profesorado titor.

O profesorado titor será designado tendo en conta os seguintes criterios:

- Dispoñibilidade horaria.

Horarios:

- Cada profesorado titor adicará dentro do seu horario unha hora lectiva semanal para a tutoría do seu grupo de alumnos.
- Cada profesorado titor destinará unha hora complementaria semanal destinada á atención a pais.
- Cada profesorado titor solicitará a axuda do Departamento de Orientación para a coordinación do PAT cando o considere necesario.

Modelo de organización e Funcionamento:

- a. Correspóndelle á Xefatura de Estudos coordinar e dirixir a acción do profesorado titor coa colaboración do Departamento de Orientación.



b. A Xefatura de Estudos terá as reunións que considere necesario para o bo funcionamento da acción tutorial.

c. O profesorado titor deberá programar, de acordo coas liñas xerais marcadas neste PAT, as actividades específicas tutoriais que desenvolverán ao longo do curso. Poderán solicitar a axuda do Departamento de Orientación.

d. O profesorado titor poderá convocar as reunións que consideren necesarias cos equipos docentes do seu curso para o bo funcionamento da acción tutorial.

e. O D.O. contribuirá o desenvolvemento do PAT, baixo a dirección da Xefatura de Estudos, asesorando os titores nas súas funcións, facilitándolles os recursos necesarios e intervindo na medida das súas posibilidades cando os titores o soliciten.

7 AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

A avaliación do PAT farase atendendo ós seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de adecuación das actividades realizadas.
- Grao de adecuación dos recursos.
- Grao de adecuación da temporalización/secuenciación.
- Grao de satisfacción dos implicados.
- Efectos conseguidos e non previstos.

Ademais, contemplaranse os tres momentos esenciais de toda avaliación:

-Avaliación inicial:



Consiste en saber qué necesitan os destinatarios e logo facer unha priorización de necesidades, atendendo ó principio de realidade, que sirva como base para o deseño dos programas.

-Avaliación formativa:

Realízase durante o transcurso dunha actividade e permite modificar determinados aspectos dun programa durante a posta en práctica.

-Avaliación final:

É a que se realiza ó final dun proceso e ten como finalidade determinar os logros acadados e tomar decisións a máis longo prazo con respecto o programa.

Os indicadores que podemos empregar para levar a cabo esta avaliación son numerosos, pero entre eles cabería destacar os seguintes:

- Se os obxectivos propostos recollen tódolos ámbitos da acción tutorial.
- Se os contidos permiten a consecución dos obxectivos propostos.
- Se a temporalización se axusta ao horario xeral do alumnado.
- Se se empregan gran cantidade de estratexias metodolóxicas en función do tipo de contidos e das características do alumnado.
- Se o profesorado coñece e utiliza os recursos do entorno.
- Grao de satisfacción dos distintos integrantes.
- Grao de coordinación entre os implicados.

Como *recursos* para facer a avaliación do PAT se utilizarán, sobre todo, a observación de cada actividade e as entrevistas có profesorado titor e o alumnado en xeral, así como os cuestionarios de final de curso para



profesorado titor e alumnado sobre a valoración das titorías.



ANEXOS

CONTRATO DE CONDUCTA

O alumno/a.....do curso..... comprométese a:

- No que se refire a miña conduta:
 - Permanecer en silencio durante as explicacións e os traballos escolares.
 - Prestar atención ás ordes e instrucións dadas polo profesorado.
 - Permanecer no meu lugar o tempo que o requira a tarefa.

- No que se refire ao meu rendemento académico:
 - Realizar as tarefas que se envían a casa.
 - Realizar actividades durante as clases.
 - Axudar ás explicacións do profesor.
 - Non dedicar o meu tempo a outras actividades diferentes.

Durante a vixencia de este contrato entre as datas..... e.....valoraranse entre o profesor/a e o alumno/a os resultados obtidos. Sempre que o alumno/a se comporte de acordo ao previsto, terá dereito a:

.....
.....
.....
.....

En caso de incumprimento, as consecuencias dependerán da gravidade da conducta e da reincidencia das mesmas e serán as seguintes

.....
.....
.....
.....

Ambas partes se comprometen a cumprir os termos detallados neste contrato.

En..... a..... de.....de...

Asdo. profesor/a

Asdo. alumno/a

CONTRATO DE CONDUCTA PREVIO A MEDIDAS DISCIPLINARIAS



Reunido o centro.....con data.....de.....de 20...

Nome de alumno/a

Nome do pai/nai ou titor legal do alumno/a:

Nome do/a Xefe/a de Estudos.....

Acordamos establecer un CONTRATO que terá vixencia dende o próximo día..... de..... de 20... ata o.....de.....de 20.... polo que as persoas que o asinamos nos comprometemos nos termos que a continuación se describen.

O/a alumno/a se compromete a

A familia se compromete a

O/a xefe/a de estudos se compromete a facer cumprir

e non aplicar medidas disciplinarias se o/a alumno/a cumpre con

O seguimento e comprobación destes compromisos se realizará..... por.....

No caso de non cumprir o compromiso por parte do/a alumno/as se aplicarán as seguintes medidas:

En.....ade.....20...

Asdo. Alummno/a

Asdo. O pai/nai

Asdo. Xefatura de estudos



ENQUISA DE VALORACIÓN TITORÍAS

CURSO: _____

Sexo: M/F

Coas túas aportacións podemos mellorar o resultado do traballo desenvolvido. Pregamos que respondas coa maior sinceridade o seguinte cuestionario sobre as actividades desenvolvidas dentro das titorías e a nivel complementario. Subliñade a opción que queirades ou poñede unha “X” ó lado.

1 Coñecías os temas sobre a/as que traballaches este curso?

1.1 Moi pouco

1.2 Algúns

1.3 A maioría

2 ¿Que tipo de actividades che resultaron máis interesantes?

2.1 Charlas

2.2 Obra de teatro

2.3 Exposicións

2.4 Películas

2.5 Traballos en grupo

2.6 Outras.....

3 Valora do 1 a 4 (onde 1 é a calificación máis baixa e o 4 a máis alta) os seguintes aspectos:

	1	2	3	4
- As actividades realizadas				
- O ambiente de traballo na clase				
- Os recursos dispoñibles				
- Información aportada				



Con respecto ao profesorado:

	1	2	3	4
• Claridade na exposición				
• Metodoloxía empregada				
• Utilidade e calidade dos recursos				
• Capacidade de comunicación có alumnado				
• Predisposición para atender consultas do alumnado				

4 Qué temas che gustaría que se tratasen o próximo curso:

.....

MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN